



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Acordo regulador para o establecemento e ordenación dos prezos públicos de produtos promocionais do 50 aniversario da Festa do Queixo do Concello de Arzúa

ANUNCIO ESTABLECIMENTO PREZOS PÚBLICOS

O pleno do concello de Arzúa en sesión extraordinaria urxente celebrada o día 10/03/2025, aprobou o seguinte Acordo Regulador para o establecemento e ordenación dos prezos públicos de produtos promocionais do 50 aniversario da Festa do Queixo do Concello de Arzúa.

ACORDO REGULADOR PREZOS PÚBLICOS PRODUTOS PROMOCIONAIS 50 ANIVERSARIO FESTA DO QUEIXO DO CONCE-
LLO DE ARZÚA

Artigo 1. Fundamento e natureza

1. De conformidade co disposto nos artigos 2.1.e) e 41 a 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e pola Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, o Concello poderá establecer e esixir prezos públicos.

2. O obxecto deste acordo regulador polo que se establece o prezo ao público de determinados produtos promocionais do 50 aniversario da Festa do Queixo é establecer a normativa xeral e regular o establecemento, fixación, xestión e cobro do prezo público segundo o establecido no Capítulo VI do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e outras normas concordantes sobre facendas locais.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible do prezo público a adquisición a título oneroso dos produtos ou artigos promocionais do 50 aniversario da Festa do Queixo que se concretan neste acordo regulador.

A entrega de produtos promocionais reservados para actos protocolarios non estará suxeita ao presente prezo público

Artigo 3. Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento deste prezo público as persoas físicas ou xurídicas que, por si mesmas ou a través dos seus representantes, adquiren os produtos promocionais do 50 aniversario da Festa do Queixo que se recollen neste acordo.

Artigo 4. Esixencia do prezo público

O prezo público será esixible no momento da adquisición dun produto promocional do 50 aniversario da Festa do Queixo.

O pago do prezo efectuarase no momento da entrega.

Artigo 5. Contía

PRODUTO	PREZO DE VENDA
LIBRO RECETARIO 50 EDICION	10,00 €
CUNCA	6,00 €
BOTELLA REUTILIZÁBEL	10,00 €
VASO REUTILIZÁBEL 33 CL	1,00 €
VASO REUTILIZÁBEL 90 CL	1,50 €
LÁMINA A4	1,00 €
LÁMINA A3	1,50 €
CADERNO	3,00 €
SUADOIRO INFANTIL	17,00 €
SUADOIRO ADULTO	22,00 €

Artigo 6. Imposto sobre o Valor Engadido

Segundo o establecido na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, este prezo público está suxeito ao imposto e non exento.

Os prezos indicados no artigo 5 do presente acordo levan incluído o importe do Imposto sobre o Valor Engadido.

Artigo 7. Normas de xestión

Os prezos públicos liquidaranse pola totalidade dos bens ou produtos adquiridos polo obrigado ao pagamento.

O ingreso do importe liquidado realizarase mediante TPV no momento da entrega do produto, expedíndose o recibo ou ticket da liquidación.

Mensualmente o responsable da dependencia onde se realice a venda dos produtos e artigos presentará na tesourería municipal a conta de recadación realizada, emitíndose o correspondente mandamento de ingreso e carta de pago xustificativa.

Artigo 8. Modificación

A modificación dos prezos públicos fixados no presente Acordo Regulador corresponderá ao Pleno da Corporación, en virtude do artigo 47.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, sen prexuízo da súa posible delegación na Xunta de Goberno Local.

Disposición Final

O presente Acordo Regulador entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.

O que se fai publico para o seu debido coñecemento.

En Arzúa, 10 de marzo de 2025

O alcalde

Asdo: Xoan Xesus Carril Ramos

2025/1532